

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Aria, unha tempestaria asturiana do século XII

Nun manuscrito de finais do século XII ou principios do XIII coñecido como “*Narratio de Reliquias a Iyerassolyma Ovetum usque translatis*” no que se narra o traslado das Santas Reliquias de Xerusalén a Oviedo, fálase da primeira nubeira asturiana da que hai noticia, unha muller chamada Aria que declara que na súa vida pagá exercera como *tempestiaria*. A tal Aria, logo de ser exorcizada e bautizada na catedral de San Salvador polo bispo Guncellus, conta que uns sete anos antes viaxara polos aires gobernando o trebón e provocara en pleno agosto unha treboada tan grande sobre Oviedo que lles chegaba a auga ata os xeonllos aos veciños.



BIBLIOGRAFÍA

Bernardo Román MACÍAS PISANO. *Tempestarios en el Noroeste Peninsular*, en www.celtiberia.net.